


The background is a solid teal color. In the top-left corner, there is a dark blue, hand-drawn style swirl. In the bottom-left corner, there is a yellow, hand-drawn style swirl. In the bottom-right corner, there is a red, hand-drawn style swirl. A green paperclip is positioned in the top-right corner of the white card.

Leamos a prensa...



EL PAÍS




Ciencia / Materia

ASTROFÍSICA · MEDIO AMBIENTE · INVESTIGACIÓN MÉDICA · MATEMÁTICAS · PALEONTOLOGÍA · ÚLTIMAS NOTICIAS


PREMIO NOBEL >

E Anne L'Huillier, ganadora del Nobel de Física: “Las personas estamos compuestas básicamente de espacio vacío”


...e pensemos.



Pódese dicir que os **átomos** están moi **baleiros**.



Para facernos unha idea do “ocos” que son, estaría ben ampliar o seu tamaño ata traelos a unha **escala** máis parecida á nosa.



Poñamos que o núcleo dun átomo é do tamaño dun gran de **arroz**, onde se concentrará o 99.9999% da masa atómica.



Pois ben, a esta escala a nube de electróns que completa o átomo crearía unha esfera que ocuparía o tamaño do **Camp Nou**.






A escalas planetarias, o equivalente sería o dun planeta do tamaño da **Terra** (nube electrónica) rodeando un núcleo sólido do tamaño dun **balón de fútbol**.




Sería un planeta ben baleiro.





Por iso **Anne L'Huillier** di que “as persoas
estamos compostas básicamente por espazo
baleiro”.






Pero...¿quen é **Anne L'Huillier**?

Tarefa:
Investiga e explica brevemente quen é Anne L'Huillier.





Fagamos a nosa propia equivalencia dun átomo a escala.

Tarefa:

Fai unha equivalencia a unha escala de ampliación dun átomo.

